

ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE PROTECCIÓN DA CONVIVENCIA CIDADÁ E PREVENCIÓN DE ACTUACIÓNS ANTISOCIAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É obriga de todos os veciños actuar civicamente no uso dos bens e instalacións postos ao seu dispor.

Aínda sendo o carácter e o talante dos dubreses e dubresas cívicos, existen no noso concello actitudes irresponsables por parte de individuos e colectivos minoritarios co medio e cos veciños e veciñas que alteran a convivencia.

Estas actuacións anticidadás maniféstanse no mobiliario urbano, en fontes, parques e xardíns, nas fachadas de edificios públicos e privados, nos sinais de tráfico, nas instalacións municipais e noutros bens e supoñen uns gastos de reparación cada vez máis importantes que distraen a dedicación de recursos municipais a outras finalidades e, ao ter que ser enfrontados polo Concello, custéanse en realidade por toda a veciñanza.

Non cabe dúbida de que estamos ante un fenómeno que trascende do ámbito das entidades locais, pero, ao ser o municipio o que soporta as súas consecuencias degradantes, o Concello non pode permanecer alleo a esta problemática, e, no marco da súa competencia, debe combatela cos medios que o ordenamento xurídico arbitra.

Constitúe decisión deste Concello procurar que diminúan e sexan eliminados os actos vandálicos que se producen neste municipio e para tal fin é necesario dispor dun texto normativo que, ao tempo que defina as condutas antisociais que degradan e deterioran a calidade de vida, tipifique as infraccións e sancións correspondentes.

Esta ordenanza, manifestación da potestade normativa da administración municipal, non pretende ser a solución á complexa problemática que constitúen tales comportamentos senón unha resposta á preocupación cidadá ante este fenómeno así como un instrumento de disuasión para os individuos ou grupos infractores e un chamamento á responsabilidade e ao exercicio do civismo incluso para aqueles a quen está atribuída a súa representación, isto, por suposto, sen prexuízo das competencias doutras administracións públicas e da esixible colaboración da Administración de Xustiza.

Esta normativa, que tamén recolle e actualiza preceptos dispersos contidos noutras regulamentacións do Concello, responde á competencia -e obriga municipal, establecida no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en materia de conservación e tutela dos bens públicos, de protección da seguridade de lugares públicos, de policía urbanística e de protección do medio natural.

CAPÍTULO

I

Disposicións

xerais

Artigo

1.

Obxecto.

Esta Ordenanza ten por obxecto a prevención de actuacións perturbadoras da convivencia veciñal e a protección dos bens públicos de titularidade municipal e de todas as instalacións e elementos que forman parte do patrimonio urbanístico e arquitectónico do municipio fronte ás agresións, alteracións e usos ilícitos de que poidan ser obxecto.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. As medidas de protección reguladas nesta ordenanza refírense aos bens de servizo ou uso públicos de titularidade municipal, tales como rúas, prazas, paseos, parques e xardíns, pontes e pasarelas, camiños, aparcadoiros, fontes e estanques, edificios públicos, mercados, centros culturais, colexios públicos, cemiterios, piscinas, complexos deportivos e as súas instalacións, estatuas e esculturas, bancos, farolas, elementos decorativos, sinais viarias, árbores e plantas, colectores e papeleiras, valados, elementos de transporte e vehículos municipais e demais bens da mesma ou semellante natureza.

2. Tamén están comprendidos nas medidas de protección desta ordenanza os bens e instalacións de titularidade doutras administracións públicas e entidades públicas ou privadas que forman parte do mobiliario urbano do municipio, en canto están destinadas ao público, tales como marquesiñas, elementos do transporte, valados, carteis, anuncios, rótulos, cabinas e outros elementos publicitarios, sinais de tráfico, quioscos, colectores, terrazas e veladores, toldos, xardineiras e demais bens desta ou semellante natureza.

3. As medidas de protección recollidas nesta ordenanza atinxen tamén, en canto forman parte do patrimonio e a paisaxe, ás fachadas dos edificios e outros elementos urbanísticos e arquitectónicos de titularidade pública ou privada, tales como portais, galerías comerciais, escaparates, patios, soares, pasaxes, xardíns, setos, xardineiras, farolas, elementos decorativos, colectores e bens da mesma ou semellante natureza, sempre que estean situados na vía pública ou sexan visibles dende ela, e sen prexuízo dos dereitos que individualmente correspondan aos propietarios.

Artigo

3.

Competencia

municipal.

1. Constitúe competencia da Administración Municipal:

a) A conservación e tutela dos bens municipais.

b) A seguridade en lugares públicos, que inclúe a vixilancia dos espazos públicos e a protección de persoas e bens.

c) A disciplina urbanística, coa fin de velar pola conservación do medio urbano e das edificacións para que se manteñan en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

2. As medidas de protección de competencia municipal previstas nesta ordenanza enténdense sen prexuízo dos dereitos, facultades e deberes que corresponden aos propietarios dos bens afectados e das competencias doutras administracións públicas e dos xuíces e tribunais de xustiza reguladas polas leis.

3. En aplicación das medidas establecidas nesta ordenanza estarase principalmente ao restablecemento da orde cívica perturbada, á reprensión das condutas antisociais e á reparación dos danos causados.

CAPÍTULO

II

Comportamento cidadán e actuacións prohibidas

Artigo 4. Normas xerais.

1. Os veciños e veciñas teñen obriga de respectar a convivencia e tranquilidade cidadás.

2. Así mesmo están obrigados a usar os bens e servizos públicos conforme ao seu uso e destino.

Artigo 5. Danos e alteracións.

Queda prohibida calquera actuación sobre os bens protexidos por esta ordenanza que sexa contraria ao seu uso ou destino ou impliquen o seu deterioro, xa sexa por rotura, arrincamento, incendio, vertido, desprazamento indebido, colocación de elementos de publicidade, utilización de materiais ou substancias ou calquera outra actividade ou manipulación que os lixe, degrade ou menoscabe a súa estética e o seu normal uso e destino.

Artigo 6. Pintadas.

1. Prohíbense as pintadas, escritos, inscricións e grafismos en calquera bens, públicos ou privados, protexidos por esta ordenanza, incluídas as calzadas, beirarrúas, muros e fachadas, árbores, valados permanentes, valados provisionais, farolas e sinais, instalacións en xeral e vehículos municipais, con excepción dos murais artísticos que se realicen con autorización do propietario e, en todo caso, con autorización municipal.

2. A solicitude de autorización municipal tramitarase e resolverase conforme ao disposto na lexislación urbanística.

3. Os axentes da autoridade poderán retirar ou intervir os materiais empregados cando as pintadas e inscricións se realicen sen a preceptiva autorización municipal.

4. Cando con motivo de actividades lúdicas ou deportivas autorizadas se produza un deslucimento por pintadas en calquera espazo público ou elemento existente na vía pública os responsables destas están obrigados a restablecer o estado orixinal do ben ou dos bens afectados.

Artigo 7. Carteis, adhesivos e outros elementos similares.

1. A colocación de carteis, valados, rótulos, pancartas, adhesivos, papeis pegados ou calquera outra forma de propaganda ou publicidade unicamente se poderá efectuar nos lugares autorizados, con excepción dos casos permitidos pola administración municipal.

2. Queda prohibido rachar, arrincar e tirar á vía pública carteis, anuncios, pancartas e obxectos similares.

3. A colocación de pancartas na vía pública ou nos edificios só poderá ser realizada con autorización municipal. En todo caso, a autorización referirase á colocación de carteis, pancartas e elementos que non danen nin lixen a superficie e sexan de fácil extracción, con compromiso por parte do solicitante da autorización de retiralos no prazo que se estableza. Poderanse colocar carteis en escaparates, portais e noutros lugares sinalados no interior dos establecementos.

4. Os responsables da colocación serán as persoas físicas ou xurídicas que consten como anunciadores e os seus autores materiais.

5. En calquera caso os responsables están obrigados á retirada de todos os carteis, valados e elementos colocados sen autorización. O Concello poderá proceder á súa retirada de forma subsidiaria e repercutindo o custo nos responsables, sen prexuízo das sancións correspondentes.

Artigo 8. Folletos e octavillas.

1. Prohíbese espaxer e tirar toda clase de folletos, octavillas ou papeis de propaganda ou publicidade e materiais similares na vía e nos espazos públicos.

2. Os repartidores de publicidade domiciliaria non poderán colocar propaganda fóra do recinto do portal dos edificios.

3. Os titulares dos establecementos non poderán situar na vía pública ningunha clase de mobiliario con propaganda publicitaria que sexa susceptible de ser arrincada.

Artigo 9. Árbores e plantas.

Prohíbese talar, romper, e abanear as árbores, cortar pólas e follas, gravar ou raspar a súa corteza, verter toda clase de líquidos, aínda que non fosen prexudiciais, e guindar ou espaxar lixo, entullos e residuos nas proximidades das árbores, plantas. Se prohíbe talar, romper y zarandear los árboles, cortar ramas y hojas, grabar o raspar su corteza, verter toda clase de líquidos, aunque no fuesen perjudiciales, y arrojar o espaxar basuras, escombros y residuos en las proximidades de los árboles e plantas situadas na vía pública ou en parques e xardíns, así como en espazos privados visibles dende a vía pública.

Artigo 10. Xardíns e parques.

1. Todos os veciños están obrigados a respectar a sinalización e os horarios existentes nos xardíns e parques.

2. Os visitantes dos xardíns e parques do municipio deberán respectar as plantas e as instalacións complementarias, evitar toda clase de desperfectos e sucidades e atender as indicacións contidas nos letreiros e avisos e as que poidan formular os vixiantes dos recintos ou os axentes da autoridade.

3. Está totalmente prohibido en xardíns e parques:

a) Usar indebidamente as praderías e as plantacións en xeral.

b) Subir ás árbores.

c) Arrincar flores, plantas ou froitos.

d) Cazar, matar ou maltratar paxaros ou outros animais.

e) Guindar papeis ou desperdicios fóra das papeleiras instaladas e lixar de calquera forma os recintos.

f) Encender ou manter lume.

Artigo 11. Papeleiras.

Está prohibida toda manipulación das papeleiras e colectores situados na vía e espazos públicos, movelas, arrincalás, incendialas, volcalas ou baleirar o seu contido no chan, facer inscricións ou pegar papeis ou pegatinas nelas e todo o que deteriore a súa estética ou entorpeza o seu uso.

Artigo 12. Estanques e fontes.

Queda prohibido realizar calquera manipulación nas instalacións ou elementos dos estanques e fontes, así como bañarse, lavar calquera obxecto, abrevar e bañar animais, practicar xogos ou introducirse nas fontes decorativas, incluso para celebracións especiais se, neste último caso, non se dispón da preceptiva autorización municipal.

Artigo 13. Ruidos e olores.

1. Todos os veciños están obrigados a respectar o descanso dos veciños e a evitar a produción de ruídos e olores que altern a normal convivencia.
2. Sen prexuízo da regulamentación especial vixente en materia de instalacións industriais e vehículos de motor, de espectáculos públicos e de protección do medio natural, prohíbese a emisión de calquera ruído doméstico que, polo seu volume ou horario exceda dos límites que esixe a tranquilidade pública así como a emisión de olores molestos ou prexudiciais para as persoas, ou a existencia de canceiras, entendendo por tales as que teñan máis de tres cánidos, que non contén coas instalacións adecuadas para evitar que se produzan ladridos nocturnos.
3. A tenencia de cans e outros animais domésticos en xeral en vivendas, queda condicionada ás circunstancias hixiénicas óptimas do seu aloxamento para garantir as boas condicións de vida ao animal de que se trate así como á ausencia de riscos sanitarios e á inexistencia de molestias para os veciños.
4. Os condutores e ocupantes de vehículos absteranse de por a elevada potencia os aparellos de radio cando circulen ou estean estacionados coas ventás baixadas.
5. Queda prohibida portar mechas acendidas e disparar petardos, cohetes e toda clase de artigos pirotécnicos que poidan producir ruídos ou incendios sen autorización previa da administración municipal.

Artigo 14. Residuos e lixos.

1. Os veciños teñen a obriga de depositar os residuos sólidos nas papeleiras e colectores correspondentes. Prohíbese guindar ou depositar residuos, desperdicios e calquera tipo de lixo e entullo nas vías públicas e espazos de uso público, na rede de sumidoiros e nos soares e fincas sen valado, debendo empregarse sempre os ditos colectores.
2. Está prohibido que os ocupantes de edificios vertan á vía pública calquera tipo de residuos, incluso en bolsas ou outros recipientes, partículas derivadas da limpeza de calquera clase de obxecto e auga procedente da rega de plantas de balcóns e terrazas.
3. O lixo domiciliario e dos establecementos deberá ser introducido, dentro do horario fixado polo Concello, en bolsas que, correctamente pechadas, colocaranse no colector máis próximo ou, de atoparse totalmente saturado, no colector máis próximo.
4. Queda prohibido depositar no interior dos colectores calquera clase de residuo líquido así como introducir nos colectores de recollida selectiva materiais de calquera tipo diferentes dos expresamente predeterminados ou fixados polo Concello
5. Está prohibido o desprazamento dos colectores do lugar asignado pola administración municipal.
6. Queda prohibido guindar calquera tipo de residuos dende os vehículos xa sexa en marcha ou detidos.

Artigo 15. Residuos orgánicos.

1. Está prohibido cuspir ou facer as necesidades nas vías públicas e nos espazos de uso público ou privado.
2. As persoas que conduzan cans ou outros animais deberán impedir que estes depositen as súas dexeccións nas beirarrúas, rúas, paseos, xardíns e, en xeral, calquera lugar dedicado ao tránsito de peóns, ou xogos infantís. Os propietarios ou responsables dos animais deberán recoller os excrementos sólidos que estes depositen na vía pública.
3. Os propietarios de animais deben facer que estes evacúen as dexeccións nos lugares destinados para o efecto e, en caso de non existir lugar sinalado para isto, os responsables deberán levalos á calzada, xunto ao bordo, e o máis próximo aos sumidoiros.

Artigo 16. Outros comportamentos.

1. Non poderá realizarse calquera outra actividade ou operación que poida lixar as vías e espazos públicos, tales como o lavado de automóbiles, a súa reparación ou engraxe nas ditas vías e espazos cando non sexa imprescindible, o vertido de cabichas, envoltorios e desfeitos sólidos ou líquidos, o baleirado de cinzeiros e recipientes, a rotura de botellas e outros actos similares.
2. Os veciños empregarán as vías públicas conforme ao seu destino e non poderán impedir ou dificultar deliberadamente o normal tránsito peonil ou de vehículos polos paseos e polas beirarrúas e calzadas daquelas, agás que se dispoña da autorización pertinente.
3. Non poderán facerse tendidoiros de roupa sobre a vía pública.

CAPÍTULO

III

Deberes e obrigas específicos

Artigo 17. Terreos, construcións e edificios de propiedade privada.

Os propietarios de terreos, construcións e edificios teñen o deber de mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, estando obrigados a realizar as obras e traballos necesarios para a súa conservación ou rehabilitación co fin de manter as condicións de habitabilidade e decoro, de conformidade co establecido na lexislación urbanística.

Artigo 18. Quioscos e outras instalacións na vía pública.

1. Os titulares de quioscos y de establecementos con terrazas, veladores e outras instalacións na vía pública están obrigados a manter limpos o espazo que ocupen e o seu contorno inmediato así como as propias instalacións.
2. A limpeza dos ditos espazos e contorno terá carácter permanente e, en todo caso, deberá ser sempre realizada no momento de peche do establecemento.
3. Por razóns de estética e de hixiene está prohibido almacenar ou amorear produtos ou materiais xunto ás terrazas.

Artigo 19. Establecementos públicos.

1. Os propietarios ou titulares de establecementos de pública concorrencia, ademais da observancia doutras disposicións, procurarán evitar actos incívicos ou molestos dos clientes á entrada ou saída dos locais.
2. Cando non poidan evitar tales condutas, deberán avisar aos servizos municipais para manter a orde e a convivencia cidadá colaborando en todo momento cos operarios que interveñen.

Artigo 20. Actividades publicitarias.

A licenza para uso de elementos publicitarios levará implícita a obriga de limpar e repoñer ao seu estado orixinario os espazos e bens públicos que se utilizaron e de retirar, dentro do prazo autorizado, os elementos publicitarios e todos os seus accesorios.

Artigo 21. Realización ou indución a realizar carreiras automobilísticas ou turísticas.

Queda prohibido realizar ou inducir a outro ou outros a practicar carreiras automobilísticas ou motorísticas nas vías públicas.

CAPÍTULO

IV

Réxime

sancionador

Artigo 22. Disposicións xerais.

1. Sen prexuízo da cualificación penal que puideran ter algunhas delas, constitúen infraccións

administrativas as accións e omisións contrarias ás prohibicións e obrigas establecidas nesta ordenanza.

2. As infraccións a esta ordenanza terán a consideración de moi graves, graves ou leves.

- Artigo 23. Infraccións moi graves.**
- Son infraccións moi graves:
- a) Romper, incendiar ou arrincar ou deteriorar grave e relevantemente equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dos servizos públicos así como o mobiliario urbano.
 - b) Impedir ou obstaculizar de forma grave e relevante o normal funcionamento dos servizos públicos.
 - c) Romper, arrincar ou realizar pintadas na sinalización pública que impidan ou dificulten a súa visión.
 - d) Incendiar colectores de lixo, entullos, desperdicios ou mediante aparcamentos ou depósitos de mercadorías obstaculizar a súa utilización aos usuarios ou a súa recollida aos servizos municipais competentes.
 - e) Arrincar o talar as árbores na vía pública e nos parques e xardíns.
 - f) Impedir deliberadamente o normal tránsito peonil ou de vehículos polos paseos e polas beirarrúas e calzadas das vías públicas.
 - g) Realizar actos previstos nesta ordenanza que poñan en perigo grave a integridade das persoas.

- Artigo 24. Infraccións graves.**
- Constitúen infraccións graves:
- a) Obstaculizar o normal funcionamento dos servizos públicos.
 - b) Realizar pintadas sen autorización municipal en calquera ben público ou privado.
 - c) Deteriorar os equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dos servizos públicos así como o mobiliario urbano, incluídas as papeleiras e fontes públicas.
 - d) Causar danos en árbores, plantas e xardíns públicos, que non constitúa falta moi grave.
 - e) Tirar lixo ou residuos á rede de sumidoiros e á vía pública que dificulten o tránsito ou xeren riscos de insalubridade.
 - f) Portar mechas acendidas ou disparar petardos, cohetes ou outros artigos pirotécnicos.
 - g) Maltratar paxaros e animais.

h) Dificultar deliberadamente o normal tránsito peonil ou de vehículos polos paseos e polas beirarrúas e calzadas das vías públicas.

i) Non permitir o descanso nocturno pola tenza de canceiras que infrinxan a presente ordenanza ou permitir o propietario deambular os cans ceibos sen atadura de ningunha clase.

Artigo 25. Infraccións leves.

Teñen carácter leve as demais infraccións previstas nesta ordenanza.

Artigo 26. Sancións.

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 750 euros.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 750,01 ata 1.500 euros.
3. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 1.500,01 ata 3.000 euros.

Artigo 27. Reparación de danos.

1. A imposición das sancións correspondentes previstas nesta ordenanza será compatible coa existencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ou ao seu estado orixinario así como coa indemnización dos danos e perdas causados.

2. Cando os ditos danos e perdas se produzan en bens de titularidade municipal, o Concello, previa taxación polos servizos técnicos competentes, determinará o importe da reparación, que será comunicado ao infractor ou a quen deba responder por el para o seu pagamento no prazo que se estableza.

Artigo 28. Persoas responsables.

1. Cando as actuacións constitutivas de infracción sexan cometidas por varias persoas, conxuntamente, responderán todas elas de forma solidaria.

2. Serán responsables solidarios dos danos as persoas físicas ou xurídicas sobre as que recaia o deber legal de prever as infraccións administrativas que outros poidan cometer.

Artigo 29. Graduación das sancións.

Para a graduación da sanción a aplicar teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) A reiteración de infraccións ou reincidencia.
- b) A existencia de intencionalidade do infractor.
- c) A transcendencia social dos feitos.
- d) A gravidade e natureza dos danos causados.

e) O risco para os veciños

Artigo 30. Procedemento sancionador.

A tramitación e resolución do procedemento sancionador axustarase ao establecido na lexislación xeral sobre o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 31. Terminación convencional.

1. Coa fin de reparar na medida do posible os danos causados como consecuencia dunha conduta incívica o infractor, con carácter previo á adopción da resolución sancionadora que proceda, poderá solicitar a substitución da sanción que puidera imporse e, no seu caso, do importe da reparación debida ao Concello pola realización de traballo ou labores para a comunidade, de natureza e alcance axeitados e proporcionados á gravidade da infracción.

2. A petición do expedientado interromperá o prazo para resolver o expediente.

3. Se a administración municipal aceptase a petición do expedientado finalizarase o expediente sancionador por terminación convencional, sen que a realización dos traballos que se establezan sexa considerada sanción nin supoña vinculación laboral ningunha co Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. O establecido nesta ordenanza non impedirá a aplicación do réxime sancionador previsto nas disposicións sectoriais que cualifiquen como infracción as accións ou omisións recollidas nela.

2. En todo caso no poderán ser sancionados os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

1. A partir da entrada en vigor desta ordenanza quedan derrogadas cantas disposicións municipais se opoñan a ela.

2. Quedan vixentes todas as disposicións municipais en todo aquilo que non contradigan expresamente o establecido nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia.